

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 16 DE XANEIRO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezaseis de Xaneiro de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente a Secretaria Dona Patricia Hernández Estévez e o Interventor acctal. Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 9 de Xaneiro do dous mil seis (Ordinaria).

2.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

“Examinado o expediente promovido por **don Miguel Dávila Álvarez**, con domicilio na Avda. Redondela, nº 4-3ºH, desta vila, en virtude da instancia nº 4470 de data 30 de agosto de 2005, solicitando licenza municipal para apertura e funcionamento de Clínica de Fisioterapia, na planta baixa do local sito na rúa Porta Nova de Arriba, nº 30, deste termo municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro.- RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información pública así coma notificacións persoais aos veciños inmediatos incorporando os informes da Delegación Provincial de Sanidade e da arquitecta municipal.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente, suxeitárase ao informe que emita a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO: que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado a zona.- Visto o Decreto nº 2.414/1961 do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda: 1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza instada por don Miguel Dávila Álvarez, solicitando licenza municipal para apertura de Clínica de Fisioterapia na planta baixa do local sito na rúa Porta Nova de Arriba, nº 30, deste termo municipal, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito Regulamento e disposicións

complementarias.- 2º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, aos efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa cualificación da actividade.”

LICENZA DEFINITIVA DE APERTURA .-

“Visto o expediente tramitado a instancia de **dona Manuela Fernández Soto**, con domicilio na rúa Transmesones, nº 1, desta vila, para apertura e funcionamento de local destinado á actividade de Bazar, na rúa Transmesones, nº1 – baixo, desta vila.

Visto o informe técnico de data 09.01.06, no que se sinala que realizada a correspondente visita de comprobación observase a carencia de iluminación de sinalización da saída próxima a porta exterior, polo que se informa favorablemente á concesión da licenza de apertura condicionada á colocación da citada iluminación.

A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Conceder Licenza definitiva a dona Manuela Fernández Soto, con domicilio na rúa Transmesones, nº 1, desta vila, para apertura e funcionamento de actividade de Bazar, na rúa Transmesones, nº1 –baixo, desta vila, condicionada á acreditación da colocación da iluminación de sinalización de saída próxima a porta exterior no prazo de quince días, quedando supeditada dita licenza ao cumprimento da deficiencia sinalada e ao abono da correspondente taxa pola apertura de establecementos que ascende, segundo liquidación practicada polo Interventor do Concello, a contía de 285,74 euros.

Segundo.- A expedición da correspondente licenza pola Secretaría do Concello, que servirá ao interesado como documentos acreditativo desta concesión.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao interesado.”

3.- ESCRITOS OFICIAIS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

“Escrito da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, de data 29.12.05, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 09.01.06, polo que se comunica ao Concello que o Subcomité de Xestión do Subprograma 1, na súa reunión celebrada o día 15.12.05, e no marco do programa de iniciativa comunitaria Interreg III – A España – Portugal financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), acordou a concesión dunha axuda

FEDER de 641.500,00 euros ao proxecto ENOTURISMO/SP1.E.182/03 do cal Ribadavia é Xefe de Fila.”

“Escrito da Deputación Provincial de Ourense (Servizos Sociais), de data 04.01.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 05.01.06, polo que se comunica unha alta no servizo de Teleasistencia domiciliaria.”

“Escrito da Mancomunidade do Ribeiro, de data 03.01.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 05.01.06, polo que se achega copia da liquidación practicada ao Concello de Ribadavia pola Mancomunidade, en relación cos servizos varios realizados polos Vehículos Motobomba, Palas da Mancomunidade, Desbrozadoras, e Camións Multilift no período 01.09.05 ao 31.12.05, sendo a cantidade total de:

-Palas, camións, motobombas e desbrozadoras..... 204,34 euros”

“Escrito da Xerencia Territorial do Catastro, de data 09.01.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 11.01.06, polo que se achega o escrito de autorización para o establecemento dun Punto de Información Catastral no Concello de Ribadavia.”

“Escrito da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, de data 28.12.05, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 13.01.06, polo que se comunica ao Concello a desestimación da petición de axuda FEDER solicitada para o proxecto ARTES / SP1.E167/03, polo Subcomité de Xestión do Subprograma 1, no marco do Programa de Iniciativa Comunitaria Interreg III- A España – Portugal financiado polo Fondo Europeo de Desenrolo Rexional (FEDER).”

“Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, Servizo de Urbanismo e I.T., de data 10.01.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 13.01.06, polo que se achega a Sentenza recaída no proceso contencioso-administrativo nº 03/0008835/2000 BC, da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, sección terceira, interposto polo Consello da Xunta de Galiza contra o acordo de 19.09.2000, resolutorio do xustiprezo da finca nº 253, propiedade de don Manuel Fernández Deaño, afectada pola obra “parque empresarial de Ribadavia” no termo municipal de Ribadavia, en cuxo fallo se estima parcialmente o recurso e se anula dito acordo no aspecto relativo á determinación do xustiprezo que se fixa polo Tribunal en 12.785,6 euros, xa incrementado na cantidade correspondente ao 5% do premio de afección, sen facer imposición en costas.”

4.- CUESTIÓNS ECONOMICAS.-

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 4º TRIMESTRE DO 2005.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 4º trimestre do 2005, por importe de

34.004, 72 euros, tarifa de depuración por importe de 6.582,92 euros, máis 2.848, 59 euros de IVE, resultando un total de 43.436,23 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 4º trimestre do 2005, por importe de 13.097,27 euros e o Canon de saneamento da Xunta, por importe de 11.251,49 euros.- Acorda tamén a Xunta de Goberno Local sinalar coma período de cobranza voluntario dos servizos anteriormente referidos entre os días 1 de Febreiro ao 28 de Febreiro do 2006.-

AXUDAS LIBROS E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2005-2006.

“ Vistas as solicitudes obrantes no expediente e en base a documentación achegada polos interesados e o informe da asistente social.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- **CONCEDER**, de acordo coas bases das axudas para MATERIAL ESCOLAR do curso 2005/2006 aprobadas na Xunta de Goberno Local de 5 de setembro de 2005, as subvencións nas contías e as persoas que de seguido se relacionan para gastos de material escolar, posto que en relación ás axudas para libros existe o programa de gratuidade neses cursos (Orde do 15/09/2005 – DOGA nº181, 20 de setembro).

<u>NOME DO CABEZA DE FAMILIA</u>	<u>D.N.</u>	<u>NOME FILLO/A</u>	<u>CONTIA</u>
RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, PEDRO	I 76716478-R	RODRÍGUEZ ESPÍÑEIRA, UXIA	30€
RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, PEDRO	76716478-R	RODRÍGUEZ ESPÍÑERIA, MARÍA	30€

Segundo.- **NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados co réxime de recursos que proceda.”

“Dáse conta do contrato menor de asistencia técnica formalizado entre o Concello de Ribadavia e don Manuel García Valdeiras, arqueólogo, o día dous de xaneiro de dous mil seis, para asesoramento técnico-histórico necesario para o correcto desenvolvemento do Programa P.A.G.U.S. Iniciativa Comunitaria Interreg III Zona Sur. Componente 3 Acción B, fixándose no mesmo pola realización do obxecto do contrato un importe de 3.000 euros (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, dáse por enterada e préstalle a súa aprobación xunto co gasto que dito contrato supón.”

“Dáse conta do contrato menor de asistencia técnica formalizado entre o Concello de Ribadavia e don Manuel García Valdeiras, arqueólogo, o día dous de xaneiro de dous mil seis, para asesoramento técnico-histórico necesario para a realización do asesoramento arqueolóxico necesario para o mantemento da oficina para a xestión e asesoramento da

rehabilitación do casco histórico de Ribadavia para o ano 2006, fixándose no mesmo pola realización do obxecto do contrato un importe de 3.000 euros (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, dáse por enterada e préstalle a súa aprobación xunto co gasto que dito contrato supón.”

5.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.